



## Concello de Lourenzá

### ANUNCIO

Aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 27/10/2022 as bases reguladoras de Convocatoria Pública de Subvenciones destinadas a entidades e clubs deportivos do Concello de Lourenzá para o exercicio 2022 referente a actividades deportivas, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes co seguinte tenor:

**Finalidade e Obxecto:** A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para fomentar a realización de actividades e competicións deportivas.

**Destinatarios:** Establécense dous categorías de axudas: para a actividades competitivas e para actividades deportivas (carácter permanente). Poderán participar na convocatoria entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo do Concello de Lourenzá que estean inscritos no Rexistro de Asociacións do Concello de Lourenzá.

**Procedemento e Prazo:** As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P., podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

**Documentación a presentar, requisitos e contías máximas:** A documentación figura relacionada na base novena das aprobadas por acordo da X.G.L., existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web do concello [www.concellodelourenza.es](http://www.concellodelourenza.es) e nas oficinas municipais.

Asemade na base terceira figuran os requisitos a cumprir polos posibles beneficiarios e as contías máximas serán de:

CATEGORÍA	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Axudas á actividade competitiva	300 €	5.000 €
Axudas para actividades deportivas	300 €	1.000 €

**Xustificación:** O prazo de xustificación rematará, improrrogablemente o día 31/03/2023.

**Bases Convocatoria:** Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras no Taboleiro de Anuncios municipal e na páxina web do concello [www.concellodelourenza.es](http://www.concellodelourenza.es)

A Alcaldesa,  
Asdo.: Rocío López García.

